



**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O LICEO DE OURENSE PARA SUBSTITUCIÓN DO MOBILIARIO INDUSTRIAL COA FINALIDADE DE MELLORAR A SÚA EFICIENCIA ENERXÉTICA E A SEGURIDADE DAS PERSOAS.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

**DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Liceo de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Liceo de Ourense para o reacondicionamento da zona industrial do Liceo de Ourense con novos equipamentos, co obxectivo de desenvolver a actividade actual nunha contorna de maior seguridade e eficiencia enerxética.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actuacións. O Liceo de Ourense é unha entidade de carácter cultural, sin ánimo de lucro que da servizo a socios e a entidades culturais e benéficas que non dispoñen dun local para as súas actividades. A sede do Liceo de Ourense foi residencia da familia Oca-Sarmiento. É un dos pazos renacentistas máis importantes de Galicia e, sin duda, o máis detstacado da cidade. Pola documentación que eixte sábese que Álvaro de Oca e Deza inicia a construción alomenos no ano 1522, rematándose en 1583 coa fachada que mira á actual calle de Lamas Carbajal. O elemento máis característico do seu interior sexa o patio porticado tamén chamado patio de columnas. Tanto no patio interior como na facha visualízanse cinco escudos de linaxes galego nos que se identifican as armas dos Deza, Oca, Zúñiga, Sarmiento, Ribadaneira, Ulloa e Lemos. Para que o edificio poida seguir prestando servizo a*





*persoas, entidades culturais, asociacións, , etc, é necesario proceder á renovación do equipamento actual, conseguindo deste xeito unha maior eficiencia enerxética.*

*Por todo o anterior é o Liceo de Ourense o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

